

MEMORIA DO
PROXECTO DE INNOVACIÓN LINGÜÍSTICA EN LINGUA GALEGA
“NORMALIZACIÓN DO GALEGO NA HOSTALARÍA RIBADENSE”
A DESENVOLVER NO CURSO ACADÉMICO 2006-07
PRESENTADO POLO IES PORTA DA AUGA DE RIBADEO

1- GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

O proxecto presentado consistía na elaboración de material escrito en galego (cartas de menús, salvamanteis, autocolantes, ...) destinado á hostalaría local de Ribadeo. Coincidíamos plenamente coa parte expositiva da Resolución pola que se convocaban estes premios en que *“para garantir o coñecemento da lingua galega, resulta imprescindible desenvolver actitudes positivas cara ao seu emprego, así como habilitar outras medidas que favorezan o seu uso oral e escrito dentro e fóra das aulas.”* A ese obxectivo de desenvolver actitudes positivas cara ao uso do galego ía enfocado o proxecto.

Con esa creación de actitudes positivas referíamonos tanto ao contorno –clientes, titulares e traballadores dos negocios de hostalaría de Ribadeo-, como ao ámbito interno do centro, en especial ao alumnado.

No medio social fixábamonos, como obxectivo concreto a curto prazo, o de que a maioría dos establecementos se sumasen á campaña. Podemos dicir que a resposta habida foi un éxito, con trinta e cinco (35) establecementos adheridos á mesma, cifra que superou a nosa estimación inicial.

Como obxectivo a medio prazo está o de que outros establecementos se decidan a ofrecer os seus menús tamén en galego, contactando co Instituto se é o caso, desde o que se lles poderá axudar en caso necesario. Aínda que é cedo para saber se iso vai suceder e en que medida, debemos dicir que, como indicador positivo, varios establecementos que se sumaron á campaña xa mostraron o seu interese en poder seguir mantendo o contacto de cara a futuras actualizacións de menús, etc.

Os obxectivos de impulso normalizador, internos ao centro educativo, situábamolos a curto prazo nos seguintes:

- a) concienciar á comunidade educativa do IES, especialmente ao alumnado, de que o galego é unha lingua que pode servir perfectamente de soporte de actividades ben deseñadas, realizadas con calidade, modernas e ata con un toque *cosmopolita*.
- b) realizar un labor transversal a toda a área lingüística, que servise para que o alumnado poidese ver que o galego é quen de aparecer dignamente á par de calquera outra lingua.
- c) mostrar ao alumnado que o noso idioma *vende* e ten interese e utilidade social.

d) lograr que este se fixese consciente de que o futuro da lingua non vai ser indiferente á nosa actuación social concreta, e que a nosa participación e uso individual van ser elementos positivos de máxima importancia na recuperación de usos.

e) en xeral, potenciar en toda a comunidade educativa as actitudes positivas cara ao noso idioma.

Aínda que, como é obvio, resulta difícil medir o grao de cumprimento de cada un destes obxectivos parciais, pensamos que a valoración a realizar debe ser moi positiva. A naturalidade e boa acollida dispensada á iniciativa entre o alumnado, a súa elevada participación –por enriba incluso da estimada no momento de redacción do proxecto-, e o interese mostrado, lévannos a valorar que, sen dúbida, o traballo realizado e o seu resultado práctico final, contribúen a desenvolver esas actitudes positivas cara ao uso da nosa lingua.

Con esta iniciativa pretendemos, en suma, vencer prexuízos en canto ao uso do noso idioma, e contribuír a xerar en pequena medida un proceso de retroalimentación ámbito educativo – sociedade a favor do proceso normalizador.

2.- ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

No momento de presentación a concurso do proxecto éramos conscientes de que, para que o sector hostaleiro se acollese masivamente á iniciativa, necesitabamos proporcionarlle materiais gratuitos, atractivos e útiles, listos para o seu uso, que mellorasen os utilizados ata o momento e que, ademais ofrecesen algunha outra vantaxe, como forner a información en varios idiomas, en concreto, galego, español, inglés e francés.

Facíase necesario, polo tanto, o recurso aos servizos de empresas de deseño e edición gráfica e a colaboración doutras institucións. Contábamos, neste sentido, co compromiso dos/das responsábeis políticos das áreas de Desenvolvemento Local e Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ribadeo. O Concello, encargárase así dos contactos co sector e do necesario financiamento do groso da campaña –con fondos propios ou buscando axudas doutros organismos-.

Coñecida a obtención do premio, e reunido o financiamento suficiente por parte do Concello, realizouse unha presentación pública da campaña coa participación dunha representación do IES. Este acto foi o arranque para o inicio de contactos da Área de Desenvolvemento Local do Concello cos distintos restaurantes. Simultaneamente, no instituto organizamos os grupos de traballo, en grupos de 2-3 estudantes, ao longo dos martes e xoves, comezando na última semana de xaneiro e rematando na primeira de abril. Como norma, cada alumno/a acudíu 4 martes ou 4 xoves, de febreiro ou de marzo. O traballo realizouse con carácter voluntario polas tardes, fóra de horario escolar. Dado que foi imposible rematar o traballo nos prazos previstos, algúns

alumnos/as prestáronse a continuar realizando este traballo nos meses de abril, maio e incluso xuño.

O profesorado participante superou con creces o uso das 50 horas recoñecidas como de participación en procesos de formación, acompañando ao alumnado no seu labor, supervisando, asesorando e realizando a corrección final. O motivo desta desviación do número de horas utilizadas con relación ás previsións iniciais, foi debido ao grande número de cartas recibidas, o que supuxo xa en si un enorme esforzo de mecanografiado de textos, ademais, loxicamente da complexidade de moitas delas e, consecuentemente, da dificultade da tradución de numerosos termos culinarios.

Prestouse, con todo, atención a manter a separación entre o labor do estudante e o do profesor, a fin de que os alumnos/as tivesen o máximo protagonismo no resultado final obtido.

Realizáronse todas as actividades previstas no proxecto excepto a elaboración dos cuestionarios previstos de avaliación, debido á falta material de tempo, e a presentación final da campaña, aínda non realizada, á espera de dispoñer de todos os materiais impresos.

Con relación ao lema da campaña, acordouse co Concello o de

con moito gusto, na túa lingua
campaña de dinamización da hostalería local.

3.- GRAO DE IMPLICACIÓN DO CENTRO

a) Profesorado

Participaron todos os profesores comprometidos, a saber:

- Aenlle Conde, José Manuel Departamento: INGLÉS
- Alonso Leivas, Pilar..... Departamento: LINGUA GALEGA
- Fernández Vázquez, Manuel..... Departamento: LINGUA ESPAÑOLA
- Gallego Rodríguez, Julia Departamento: FRANCÉS
- López Fernández, Isabel..... Departamento: LINGUA GALEGA
- Méndez Lombardía, Eva.....Departamento: LINGUA GALEGA
- Polo Losada, Delia Remedios Departamento: LINGUA GALEGA
- Coordinador : Martínez Pérez,AnxoDisciplina: Administración de Empresas

b) Alumnado

A participación do alumnado sobrepasou as expectativas iniciais, cifrándose en 63 os alumnos/as participantes con asistencia regular, agás algunhas faltas por razóns comprensíbeis como preparacións de exames e outras incidencias.

4.- ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

Debido a que o profesorado era especialista nalgunha das linguas, xa dispoñía da formación necesaria para abordar a súa parte específica dentro do proxecto, polo que non se consideraron nin foron necesarias actividades de formación específica. Con todo, dada a dificultade da tradución dalgúns termos, en varios casos recorreuse á colaboración de persoas nativas e lectores doutros países residentes entre nós, outro profesorado de idiomas, foros de discusión por internet, etc.

5.- PRODUCCIÓN DE MATERIAIS

Os materiais producidos no propio centro consisten nas cartas traducidas de 35 establecementos -todas eles en soporte informático-, textos de salvamanteis, carteis de campaña, autocolantes e marcapáxinas,.

Nestes momentos eses materiais están en proceso de impresión.

6.- AVALIACIÓN REALIZADA

A avaliación tanto desde o punto de vista da repercusión social da iniciativa, como do da participación da comunidade educativa do IES é francamente positiva.

7.- PREVISIONS DE FUTURO

En relación con este proxecto agardamos que os establecementos continúen a editar as cartas incluíndo o galego como lingua vehicular, e que, se necesitan asesoría lingüística, recurran ao noso centro demandado.

En relación con outras posíbeis iniciativas estamos pensando en realizar outras medidas de intervención social favorecedoras da normalización da nosa lingua.

Ribadeo, a 29 de xuño de 2007

O DIRECTOR

O COORDINADOR

Alfonso Piñeiro Funcasta

Anxo Martínez Pérez